

Instrucción VI/2002 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela sobre traslado de material entre centros

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) co obxecto de centralizar e mellorar os trasladados de material mobiliario e de paquetería entre os centros da USC pretende levar a cabo un novo sistema de reparto facendo necesario dictar a seguinte

INSTRUCCIÓN

O Servicio do Parque Móbil será o encargado da coordinación e realización.

O pedimento do servicio canalizarase en cada centro a través da persoa responsable da conserxería, que facilitará os medios necesarios para a realización do traballo.

O servizio realizarase indistintamente en xornada de mañá ou tarde, áinda que o pedimento terá que facerse sempre en xornada de maña chamando á extensión 11065.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2002

O Xerente,

José Vázquez Portomeñe